

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 17 de novembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 2 de novembro de 2017, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

##### Primeiro

Publicar as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.

##### Segundo. *Convocatoria e prazo de presentación de solicitudes*

Convócase o dito réxime de axudas en concorrencia non competitiva. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como



expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2018. Na súa virtude, a concesión das subvencións condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

O prazo de presentación de solicitudes por parte do interesado no Igape comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 28 de febreiro de 2018. As entidades financeiras deberán comunicar ao Igape a súa decisión sobre a concesión da operación financeira, ata o 26 de marzo de 2018. As axudas concederanse de conformidade co artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de esgotamento do crédito, o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es), co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da citada Lei de subvencións de Galicia.

#### Terceiro. *Dotación orzamentaria*

Os créditos dispoñibles para concesións de subvención nesta convocatoria faranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polo seguinte importe:

Partida orzamentaria	2018
09.A1.741A.7700	1.000.000 €

O director xeral do Igape poderá ampliar o crédito, logo de declaración da súa dispoñibilidade nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar axudas por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.



**Cuarto**

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

**Quinto**

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

**Bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e á adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Igape, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca**

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma galega.

A mestura de dous fenómenos, por unha banda, un mes de abril de 2017 moi seco e con altas temperaturas, que acadou valores históricos que favoreceron un adianto na floración dos cultivos, e unhas xeadas moi fortes nas noites dos días 27 e 28 de abril do mesmo ano nos vales do interior de Galicia, produciron un efecto devastador dos cultivos fundamentalmente nas zonas máis baixas do interior de Galicia, próximas ás bacías dos ríos. Estas xeadas afectaron dunha forma especial ao viñado, que estaba nun estado fenolóxico moi avanzado.

Por outra banda, as xeadas que tiveron lugar estes días nas provincias de Lugo e Ourense afectaron tamén diversas especies forestais de froito, como o castiñeiro, de determinados concellos destas dúas provincias. Nestas zonas deprimidas destas dúas provincias,



a castaña é unha importante fonte de ingresos para moitos propietarios de soutos que teñen neste cultivo un importante complemento na renda que asegura uns ingresos estables todos os anos. As xeadas deste ano produciron danos importantes nestas árbores que afectaron de xeito importante a produción.

Con posterioridade, arredor das 14.00 horas do día 6 de xullo de 2017, parte dos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía, Sandiás e Vilar de Barrio sufriron os efectos dunha tormenta de sarabia que durou uns vinte minutos, que afectaron a pataca (máis concentrada en Sandiás e en Xunqueira de Ambía), o cereal (con superficies importantes tanto en Sandiás como en Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía) e a horta. Os danos provocados foron moi elevados, coa deitada e a perda de gran, xa que o cereal estaba próximo a recoller, e o cultivo de pataca atopábase nun estado vexetativo en que a folla estaba moi tenra. Sufriron importantes danos mecánicos polo impacto provocado pola pedra, o que produce un descenso no rendemento final da colleita, e quedaron inservibles para a súa comercialización as plantas de horta, sobre todo no caso das plantas de folla como as Brassicas.

Na tarde do 27 de agosto de 2017 parte da provincia de Ourense viuse afectada por unha tormenta acompañada de choiva e sarabia que descargou en diversos episodios de distinta duración.

As comarcas máis afectadas por estes fenómenos climáticos adversos son aquelas en que as precipitacións se produciron en forma de sarabia. En concreto, as do Ribeiro, O Carballiño, Ourense, Valdeorras, Verín, Viana do Bolo e A Pobra de Trives.

Todas estas zonas se viron afectadas por danos nos cultivos en distinta medida, de intensidade moderada a grave segundo a zona e os distintos cultivos. O viñado é o cultivo que máis superficie ten afectada e presenta danos graves na maioría das zonas. No caso de plantacións de froiteiras a superficie afectada é menor, pero os danos pódense cualificar como graves e, por último, tamén se viron afectadas algunhas plantacións de castiñeiros de froito que perderon gran parte da súa produción.

Tendo en conta os danos apreciados, enténdese que isto provocará un importante descenso na produción deste ano e provocará unhas necesidades financeiras de carácter conxuntural e estrutural.

Nesta liña, convócanse as axudas do Igape, por proposta da Consellería do Medio Rural, ás explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas



xeadas e sarabiadas, e ás explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base no establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán bonificables todas as operacións financeiras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito. Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, poidan levar adiante as empresas.

Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as solicitudes de axuda financeira poidan ser atendidas coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de maneira continua.

#### Artigo 1. *Obxecto*

Estas bases regulan o contido e o procedemento de tramitación de dúas liñas de financiamento bonificado dirixido ás explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas dos días 27 e 28 de abril de 2017, ás explotacións produtoras de pataca, cereal e horta afectadas pola sarabia do día 6 de xullo de 2017, e ás explotacións produtoras e transformadoras de uva, castañas e de froiteiras afectadas polas sarabiadas do día 27 de agosto de 2017, co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira (procedemento IG525C).

Os apoios poderán materializarse a través de dúas liñas:

Liña 1: refinanciamento de pasivos.

Liña 2: apoio ao circulante.

#### Artigo 2. *Beneficiarias*

1. Poderán acceder ás liñas de financiamento previstas nestas bases, as pequenas e medianas empresas, incluídos os autónomos, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño) da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE, que



desenvolvan a actividade económica de produción ou transformación de uva ou castañas e se visen afectadas polas xeadas ou sarabiadas, así como as produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas polas sarabiadas.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiaria as comunidades de bens, sociedades civís ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou estean na situación que motiva a concesión da axuda. Neste caso, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da axuda que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Neste caso, o préstamo deberá estar formalizado a nome da entidade e deberá ser asinado por cada un dos seus membros. No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, logo de autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

2. Ademais do establecido no punto anterior, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) No caso de explotacións vitícolas, deberán estar inscritas no Rexistro Vitícola de Galicia e ter viñedos na zona xeográfica delimitada nos mapas de xeadas dos días 27 e 28 de abril de 2017, e de sarabiadas do día 27 de agosto de 2017, emitidos por MeteoGalicia. No caso de adegas, deben cumprir o requisito de que elaboraron viño de denominación de orixe con uvas da colleita do ano 2016 procedentes de viñedos da zona xeográfica delimitada no referido mapa de xeadas.

b) No caso de explotacións de castañas, deberá tratarse de explotacións propietarias ou xestoras de terreos rústicos de carácter privado que cumpran os seguintes requisitos:

Os predios deberán estar situados nos concellos en que as xeadas ou sarabiadas afectaron gravemente os castiñeiros, estes son:

1º. Provincia de Lugo: Baleira, Baralla, Becerreá, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Nogueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro.



2º. Provincia de Ourense: Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza; A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós; Vilardevós, Vilariño de Conso, Viana do Bolo; A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Ribadavia; Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside; Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea; Amoeiro, Barbadás, Coles, Esgos, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Vilamarín; O Barco de Valdeorras, A Rúa, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras; Verín; Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río.

Tamén poderán ser beneficiarias aquelas empresas de transformación situadas no territorio da Comunidade Autónoma que transformen castaña orixinaria de soutos desta comunidade autónoma que por mor das xeadas ou sarabiadas non van ter subministración de materia prima orixinaria de Galicia e que, polo tanto, van ver diminuída a súa capacidade de transformación.

c) No caso de explotacións de pataca, cereal, horta e froiteiras, os produtores que cumpran os seguintes requisitos:

Estar inscrito no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e ter predios que deberán estar situados nas parroquias dos concellos en que a sarabia afectou gravemente os cultivos de pataca, cereal, horta e froiteiras, e estas son:

1º. Concello de Allariz: parroquia de Torneiros.

2º. Concello de Xunqueira de Ambía: parroquias de Abeleda, A Graña, Bobadela a Pinta e Sobradelo.

3º. Concello de Vilardevós: parroquias de Arzádegos, Florderrei, Berrande, Enxames, Moialde, Osoño, Santa María de Traseirexa, Soutochao, Terroso, Vilar de Cervos, Vilardevós, Vilarello da Cota e Feilas.

3. No caso que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 recolla esta posibilidade, os solicitantes poderán acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro mediante unha declaración responsable que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude.





Noutro caso, a dita condición será acreditada mediante certificado de estar ao día das obrigas tributarias coa AEAT e de pagamento coa Seguridade Social e coa Consellería de Facenda.

4. Ademais, deberán cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; cumprir coas obrigas do artigo 11 da citada lei de subvencións e non seren consideradas empresas en crise, de acordo coa definición de empresa en crise establecida no número 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da UE.

### Artigo 3. *Condicións das liñas de financiamento*

#### 1. Refinanciamento de pasivos.

Poderán acollerse a esta liña aquelas explotacións que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine á cancelación, en todo ou en parte, de pasivos financeiros formalizados con entidades de crédito e con vencemento a curto ou medio prazo, co obxecto de alcanzar o equilibrio financeiro e acomodar os fluxos monetarios de entrada e saída e evitar, deste xeito, problemas de liquidez.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, entenderanse por pasivos financeiros refinanciables os seguintes:

a) Pólizas de préstamo ou contratos de *leasing*, con vencemento non superior a tres anos a partir da data de solicitude da axuda do interesado.

b) Pólizas de crédito, con vencemento non superior a tres anos a partir da data de solicitude da axuda do interesado.

c) Posicións bancarias debedoras, sempre que sexan consecuencia de non atender os vencementos de operacións financeiras das modalidades descritas nas alíneas a) e b) anteriores.

Non se considerarán pasivos refinanciables aqueles que tivesen calquera tipo de subvención encamiñada a mellorar as condicións financeiras respecto das normais de mercado.





Non poderán acollerse a esta liña aquelas empresas incursas en situación concursal ou ben que estean nalgunha das situacións legais de disolución da sociedade.

## 2. Apoio ao circulante.

Poderán acollerse a este programa de apoio aquelas explotacións que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamento, provedores, acredores por prestación de servizos, e cotas de débedas bancarias a longo prazo e cotas de *leasing* que venzan durante o período de disposición do préstamo formalizado ao amparo desta liña. En ningún caso se poderán aplicar a financiar investimentos en inmovilizado ou activos financeiros, nin á cancelación anticipada de pasivos bancarios.

### Artigo 4. *Características das operacións de préstamo*

#### 1. Liña de refinanciamento de pasivos.

##### a) Modalidade:

Préstamos.

##### b) Importe:

O importe mínimo atendible será de 3.000 €. O préstamo con dereito a subsidiación constituirá, como máximo, a suma do importe do capital vivo, na data de solicitude da axuda, dos préstamos/*leasing* que se van cancelar e do importe nominal das pólizas de crédito.

##### c) Prazo:

Serán atendibles, para os efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a cinco anos. Non se establece prazo máximo, non obstante, a subsidiación calcularase para un préstamo teórico a sete anos, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

#### 2. Liña de apoio ao circulante.

##### a) Modalidade:

Préstamos.



**b) Importe:**

O importe mínimo atendible será de 3.000 €. O préstamo con dereito a subsidiación constituirá, como máximo, a suma das débedas de circulante existentes na data da solicitude da axuda e daquelas que se xeren ata a data límite de disposición do préstamo segundo o establecido no artigo 13.

**c) Prazo:**

Serán atendibles, para os efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a tres anos e un máximo de sete anos, incluída unha carencia dun máximo de dous anos.

3. Os beneficiarios poderán solicitar unha das liñas ou as dúas, en función do límite máximo de axudas en réxime *de minimis*, de acordo co Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), que establece un límite máximo de 15.000 € a unha única empresa nun período de tres anos.

**Artigo 5. Tipos de xuro e comisións**

1. O tipo de xuro nominal anual para as operacións de préstamo acollidas a estas bases poderá ser fixo ou variable.

No caso de tipo de xuro fixo, este será o que libremente pacten as partes, sen que en ningún caso poida exceder o 4,00 %. No caso de contar con aval dunha SGR, non poderá superar o 3,00 %.

No caso de tipo de xuro variable, o tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirlle ao tipo de referencia o tipo adicional que pacten as partes, e o seu sistema de variación establécese do seguinte xeito:

Tipo de referencia: será o euríbor ao prazo de seis meses. As revisións faranse semestralmente.

Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes, sen que en ningún caso poida exceder 3 puntos porcentuais sen aval de SGR e 2 puntos porcentuais, no caso de contar co aval da SGR.



O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultado de engadirle ao tipo de referencia o tipo adicional que pacten as partes.

2. Se o euríbor ao prazo establecido deixase de determinarse, aplicarase o que legalmente o substitúa.

3. As comisións máximas que a entidade financeira poderá repercutir en conceptos de apertura e estudo será do 0,60 %. Para as comisións de estudo e apertura, conxuntamente, a entidade financeira poderá estipular un mínimo de ata 30 €. Para estes efectos, non se considerará comisión o cobramento da tarifa de reclamación de posicións debedoras.

4. No caso de operacións avaladas por unha SGR, estas poderán cobrar ao cliente ata o 0,50 % en concepto de comisión de estudo, ata o 1,00 % en concepto de comisión de aval, calculado sobre o saldo vivo anual do importe avalado, e ata o 4,00 % do importe do financiamento avalado en concepto de cota social mutualista, que se aboará ao inicio da operación. Este importe será reembolsado ao cliente unha vez remate a súa relación coa SGR.

5. A garantía a favor das entidades financeiras serán as achegadas pola prestameira ou, se é o caso, o aval da sociedade de garantía recíproca adherida ao convenio, polo 100 % do risco.

#### Artigo 6. *Axuda do Igape, compatibilidade e límite*

1. A axuda financeira do Igape poderá consistir nos seguintes apoios:

a) Bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases, de tal xeito que o tipo de xuro sexa cero para o beneficiario. No caso de préstamos a tipo de xuro fixo, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para toda a vida do préstamo. No caso de préstamos a tipo de xuro variable, a bonificación corresponderase co tipo de xuro establecido para o primeiro período semestral.

b) Axudas en forma de garantía: no caso de contar co aval dunha SGR, o Igape compensará o custo da comisión do aval financeiro prestado pola SGR.

2. A axuda financeira que se conceda, tanto a bonificación ao tipo de xuro como, se é o caso, a compensación da comisión de aval da SGR, calcularase da seguinte maneira:

a) Calcularanse os valores absolutos das bonificacións que se percibirán durante o período teórico de vixencia do préstamo, incluído, se é o caso, o período de carencia. Toma-



rase como base para o cálculo o 100 % da operación formalizada e como base da liquidación o ano comercial (360 días).

b) Actualizaranse os valores absolutos obtidos anteriormente, utilizando como taxa de actualización o tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao ano da formalización da operación financeira.

c) No caso de que a operación fose formalizada a un prazo superior a sete anos, a bonificación e compensación da comisión de aval da SGR calcularase de xeito teórico, coma se fose a sete anos, incluídas as carencias.

### 3. Compatibilidade.

A concesión das axudas destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, a da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea.

A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento da solicitude da axuda e no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

### 4. Límites.

As axudas financeiras que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda *de minimis*. O importe da axuda financeira determinarase aplicando os criterios establecidos nos puntos anteriores. Non obstante, o dito importe limitarase, se for o caso, en función do límite máximo de axudas en réxime *de minimis*, de acordo co Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), que establece un límite máximo de 15.000 € a unha única empresa nun período de tres anos.



**Artigo 7. Tramitación das solicitudes****1. Forma e lugar de presentación das solicitudes:**

Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar unha solicitude de axuda, o interesado deberá cubrir previamente un formulario descritivo dos requisitos para ser beneficiario, dos danos causados polas xeadas e sarabiadas e da súa cuantificación, así como da operación financeira a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

As solicitudes de axuda presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de forma obrigatoria na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases, a título informativo. No formulario será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, e concederáselles aos solicitantes un prazo de dez (10) días para a súa emenda, transcorrido o cal se terán por desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivamento.

Unha vez xerada a solicitude, deberase presentar obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizado co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considérase que todos os solicitantes, ao exercer unha actividade económica, dispoñen de ferramentas informáticas cun coñecemento básico do seu funcionamento, polo que queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade aos medios electrónicos necesarios.

No caso de presentación da solicitude de forma presencial, o Igape requirirá o solicitante para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de maneira que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a Norma X.509 V3 válido, tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizarase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

Unha vez asinado o formulario de solicitude, mediante certificación dixital do presentador, e transferido este ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es), con indicación dos 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante.

2. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da representación con que se actúa.



b) Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa estea en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados neste artigo. O solicitante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado, para o cal poderá requirirse a exhibición do documento orixinal.

Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

### 3. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente.

4. Unha vez rexistrada a solicitude, esta será remitida polo Igape á entidade financeira e, se o caso, á SGR, a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>).

Para estes efectos, as entidades colaboradoras terán que acreditar a súa solvencia técnica para acceder e xestionar a extranet de entidades colaboradoras, de acordo co





establecido no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes (DOG núm. 241, do 17 de decembro).

5. As solicitudes de comunicación sobre a concesión da operación polas entidades de crédito ao Igape presentarase a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>), sendo esta vía electrónica obrigatoria. O Igape reserva para si a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio asinado para o efecto.

A autorización de acceso á extranet de entidades colaboradoras para este convenio darase de oficio para os usuarios que as entidades financeiras teñan xa rexistrados para outros convenios, aínda que é posible modificar estas autorizacións ou dar novas altas mediante a notificación do anexo II, que se deberá presentar a través do enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>, xunto coa copia do poder da persoa representante da entidade.

6. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os datos exixidos nestas bases, requirirase o solicitante e a entidade de crédito para que no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao requirimento se emende a falta, con indicación de que en caso contrario, se dará por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

7. Dentro dos cinco días hábiles seguintes á comunicación de concesión da operación ao Igape, por parte da entidade financeira, a SGR deberá manifestar, se é o caso, a súa posición a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>). Posteriormente, o Igape comunicará, a través desta mesma canle, á SGR correspondente e á entidade financeira a validación dos requisitos da solicitude da axuda financeira. A dita comunicación autoriza a formalización da operación financeira, sen que a dita remisión supoña recoñecemento do dereito do solicitante a percibir finalmente a axuda.

No caso de que a entidade financeira denegue a operación ou de non recibir resposta pola entidade financeira ou, se é o caso, a SGR nos prazos establecidos, ordenarase o arquivamento do expediente.



**Artigo 8. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

b) DNI da persoa representante.

c) NIF da entidade solicitante.

d) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

**Artigo 9. Resolución**

1. Unha vez recibida a solicitude e, se é o caso, que a sociedade de garantía recíproca formule a súa posición, a solicitude será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos á operación declarados no formulario anexo a ela e solicitará informe á Consellería do Medio Rural respecto do cumprimento dos requisitos de beneficiario, establecidos no artigo 2.2 das presentes bases. Unha vez avaliada a solicitude e logo de informe favorable da Consellería do Medio Rural, a Dirección da Área de Financiamento elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do Igape, que resolverá por delegación do Consello de Dirección.

2. Na resolución de concesión farase constar o importe do préstamo e os seus destinos concretos, a entidade financeira prestamista, o prazo de vixencia e carencia, o importe da axuda financeira e, se é o caso, a SGR avalista.

3. Na resolución denegatoria farase constar o motivo da denegación. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra



manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia.

4. De acordo coas características do programa, o procedemento de concesión tramitárase en concorrencia non competitiva. As solicitudes resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape e ata esgotarse a dispoñibilidade orzamentaria aprobada, circunstancia que se publicará mediante resolución no *Diario Oficial de Galicia* e páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es). O esgotamento do crédito comportará a inadmisión de posteriores solicitudes.

#### Artigo 10. *Notificación, silencio administrativo e recursos*

1. O Igape notificaralle ao solicitante e comunicarlle á entidade financeira e á SGR, se é o caso, a concesión ou denegación da operación, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A notificación efectuarase só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os solicitantes deberán acceder á páxina web do Igape no enlace de tramitación electrónica para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático).

As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, o Igape efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de dous meses desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Transcorrido tal prazo sen que se notifique a resolución expresa, poderá entenderse rexeitada.

3. Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de



Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, se for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, se for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que de acordo co establecido nestas bases reguladoras se produza o acto presunto, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Será causa de denegación da operación a falta de comunicación por parte da SGR, se é o caso, da súa posición respecto á aprobación da operación, nos prazos establecidos nestas bases e no convenio asinado para o efecto, sen prexuízo da posibilidade do solicitante de reiterar a súa solicitude.

#### Artigo 11. *Publicación*

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades financeiras e sociedades de garantía recíprocas para os efectos da formalización da operación, e a referida publicidade.

2. De acordo co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia*, expresando a norma reguladora, o beneficiario, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da axuda, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións. Non obstante, cando os importes das axudas concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das axudas concedidas na páxina web do Igape.



3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións, non requirirá o consentimento do beneficiario. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no número 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Segundo o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os beneficiarios están obrigados a subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da lei. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

#### Artigo 12. *Formalización da operación financeira*

1. Unha vez recibida a solicitude no Igape, este poderá autorizar a formalización da operación financeira, previamente á resolución de concesión. A dita autorización comunícarase á entidade financeira e á SGR, se é o caso, a través da extranet de entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>), de acordo co establecido no artigo 9 das presentes bases.

a) A formalización do préstamo antes da resolución de concesión non implica o recoñecemento de ningún dereito ou cualificación do expediente respecto á axuda solicitada.

b) No contrato de préstamo formalizado anticipadamente de acordo co previsto na alínea anterior deberanse mencionar, polo menos, os seguintes aspectos: que se presentou a solicitude de axuda financeira no Igape, con indicación da data de rexistro de entrada neste instituto, e que o préstamo quedará acollido ás axudas establecidas nas presentes bases nos termos e condicións establecidas na resolución de concesión que, no seu día, se dite. Ademais, o contrato deberá indicar as condicións financeiras, non suxeitas a estas bases, para o caso de que o Igape resolva denegatoriamente.

c) No suposto de que a resolución de concesión que, se é o caso, se dite recolla unhas condicións diferentes das indicadas na autorización de formalización anticipada, deberá incluírse un anexo ao documento de préstamo, intervido por fedatario público, en que se fagan constar as características establecidas na dita resolución.



2. Se o préstamo se formaliza con posterioridade á data de notificación da resolución de concesión, deberá recoller a mención de estar acollido ás axudas previstas nestas bases.

3. O prazo máximo para a formalización do préstamo ou, se é o caso, adaptación da póliza ás condicións da resolución de concesión do Igape, será de dous meses, contados desde o día seguinte á data de notificación da concesión ao beneficiario.

Finalizado o dito prazo sen que se formalizase ou adaptase, considerarase que o solicitante renuncia á axuda concedida e ordenarase o arquivamento do expediente, salvo que, logo de solicitude razoada de prórroga deste, presentada no Igape dentro do prazo e acreditando a conformidade da entidade financeira, o Igape autorice a dita prórroga.

### Artigo 13. *Disposicións*

Disporase dos fondos do préstamo para os destinos previstos no artigo 3 das presentes bases y especificados na resolución de concesión.

A disposición dos fondos do préstamo deberá efectuarse desde a data de formalización da operación e sempre con anterioridade ao 31 de xullo de 2018 ou á data da primeira amortización do préstamo subsidiado, se for anterior.

Se existisen fondos pendentes de utilizar unha vez transcorrido o dito período, deberán destinarse a amortizar o principal do préstamo.

As amortizacións que se fagan por este motivo non se penalizarán, aínda que suporán un recálculo da subvención inicialmente concedida. Neste caso, a entidade financeira non poderá cobrar comisión ningunha pola amortización anticipada do principal do préstamo.

### Artigo 14. *Pagamento da axuda financeira*

1. Para facer efectivo o pagamento da axuda, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento, no prazo máximo de 15 días hábiles desde a disposición total do préstamo.

2. Para iso deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liqui-



dación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente.

3. A solicitude de cobramento presentarase mediante o formulario normalizado que a título informativo figura como anexo III a estas bases, no cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática), poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento realizado para o efecto.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá presentar a solicitude por vía electrónica a través do formulario de solicitude de cobramento normalizado co IDEL (anexo III), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 14.5 destas bases. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo beneficiario, para o cal poderá requirirse a exhibición do documento orixinal.

5. Coa dita solicitude deberá presentar a seguinte documentación:

a) Para calquera das liñas:

Póliza ou escritura de préstamo.

b) Para o programa de refinanciamento de pasivos:

1º. Pólizas, contratos ou escrituras correspondentes ás operacións canceladas.





2º. Certificación bancaria da cancelación total ou parcial destas e, se é o caso, da amortización anticipada do importe correspondente á diferenza entre o préstamo formalizado e o importe das cancelacións, como consecuencia do desfazamento temporal entre a solicitude e a formalización ou respecto do saldo vivo das pólizas de crédito.

No caso de que a solicitude de cobramento non se presente en prazo ou a xustificación sexa incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

c) Para o programa de apoio ao circulante, o sistema de xustificación será a conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009, que regula a Lei de subvencións de Galicia (por tratarse de axudas por importe inferior a 30.000 €). No formulario de liquidación solicitaranse os datos e a información necesarios para a súa composición, establecidos no citado artigo, que son:

1º. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.

2º. Unha relación clasificada das partidas de circulante ás cales se destinou o préstamo, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.

3º. Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

4º. Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O lgape poderá requirirle ao beneficiario a remisión dos xustificantes das finalidades do préstamo bonificado seleccionados con base en técnicas de mostraxe. Para estes efectos,



o Igape comprobará un mínimo do 10 % dos expedientes con subvención bruta equivalente aprobados por importe ata 6.000 € e un mínimo do 20 % dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 15.000 €.

Porén, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda, o Igape procederá a requirir-lles aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos.

6. O Igape revisará a documentación xustificativa e poderá solicitar ao beneficiario, á entidade de crédito ou, se é o caso, á SGR calquera documentación e información adicional que considere oportuno para os efectos dunha correcta análise da xustificación da realización do proxecto.

7. Unha vez verificada a documentación achegada, o Igape procederá ao pagamento da axuda financeira á conta designada polo beneficiario no formulario de solicitude da axuda. A axuda terá que destinarse á amortización anticipada do principal da operación financeira, polo que, unha vez aplicada, a entidade financeira ou o titular deberán presentar no Igape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal na contía aboada.

En calquera caso, o réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axuda, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 16 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Información periódica e custodia da documentación*

1. As SGR remitirán mensualmente ao Igape unha relación dos avais en vigor outorgados ao abeiro destas bases reguladoras e detallarán polo menos, para cada un deles, os



seguintes datos: beneficiario, importe formalizado, risco en vigor, risco avalado por Cersa e, se é o caso, risco avalado por outras entidades, importe incurso en morosidade, provisións dotadas e, de ser o caso, importe considerado falido.

2. As SGR terán que custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión da axuda, a que reflecta as incidencias sobrevidas nas operacións bonificadas e a especialmente establecida nestas bases, durante un período de cinco anos desde a súa cancelación.

#### Artigo 16. *Modificacións*

1. O beneficiario queda obrigado a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

2. O beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución, con carácter previo á formalización da operación. Unha vez formalizada a operación, só se admitirán solicitudes relativas ao cambio de titularidade. No caso de que a modificación afecte os datos declarados no formulario, deberá cubrir previamente un novo formulario na aplicación informática e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación que se dirixirá ao director xeral do Igape.

3. O director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección, poderá acordar as modificacións da resolución relativas ao importe e características do préstamo atendible e á titularidade, tidas en conta para a concesión da axuda sempre que a modificación non prexudique a terceiros e os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

O cambio de beneficiario deberá acreditarse documentalmente así como a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados do proxecto subvencionado e especificamente da operación subsidiada. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, xunto co consentimento do anterior beneficiario.

En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar a contía da subvención inicialmente aprobada.



4. No caso de modificacións da operación financeira, unha vez formalizada e que supoñan unha mellora solicitada pola empresa (carencia intermedia, diferencial, etc.), poderá levarse a cabo sen autorización previa do Igape. Non obstante, a entidade financeira deberá comunicala. As ditas modificacións non suporán, en ningún caso, a revisión á alza das axudas concedidas.

5. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou á súa revogación, no caso de que os ditos cambios supoñan o incumprimento dos requisitos establecidos para os proxectos ou beneficiario.

6. O Igape poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

#### Artigo 17. *Reintegros, incumprimentos e sancións*

1. Procederá o reintegro por parte do beneficiario das axudas financeiras xunto cos xuros de demora xerados desde o pagamento, nos seguintes casos:

##### a) Incumprimento parcial:

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial e debe resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

1º. No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base de cálculo da axuda, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos deixados de realizar ou aplicados a outros distintos dos considerados inicialmente, debendo, se for o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % do proxecto financiado, entenderase que o dito incumprimento é total e deben reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

2º. Non manter a vixencia do préstamo bonificado durante o período inicialmente establecido na escritura de formalización suporá o reintegro do importe correspondente á seguinte graduación:

Se se amortizase totalmente o préstamo durante o primeiro cuarto da vida do préstamo, suporía a devolución do 90 % da axuda.



Se se amortizase totalmente o préstamo durante o segundo cuarto da vida do préstamo, suporía a devolución do 40 % da axuda.

Se se amortizase totalmente o préstamo durante o terceiro cuarto da vida do préstamo, suporía a devolución do 20 % da axuda.

b) Incumprimento total:

1º. Con carácter xeral, se o incumprimento nos destinos do préstamo supón un importe de préstamo atendible inferior ao mínimo establecido nestas bases reguladoras, deberán reintegrarse todas as cantidades aboadas en concepto de compoñente de axuda financeira e os seus xuros de demora.

2º. Obter a axuda sen reunir as condicións requiridas nas bases reguladoras.

3º. Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou Consello de Contas.

2. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e será competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, nos dous meses seguintes á súa notificación e, potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

3. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, os beneficiarios e entidades financeiras e SGR colaboradoras sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño) e no título VI do seu regulamento.

*Artigo 18. Modificación das condicións financeiras e comisións de aval en caso de incumprimento*

As entidades financeiras e as SGR poderán pactar nas correspondentes pólizas e contratos de garantía que sexan de aplicación diferentes condicións ás estipuladas nestas bases, no suposto de que o Igape resolva o incumprimento de condicións do prestameiro.



**Artigo 19. Control**

Tanto as entidades financeiras como as SGR adheridas e os beneficiarios das operacións de financiamento quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a estas bases.

**Artigo 20. Adhesión mediante convenio de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca colaboradoras**

1. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no cal se regulen os compromisos das partes a todas aquelas entidades financeiras e SGR que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia (a solvencia entenderase acreditada se prestaron servizos financeiros as pequenas e medianas empresas durante os últimos tres anos e se comprometen a desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, por todos os medios dispoñibles, humanos e técnicos, para facilitarlle o acceso a esta liña de financiamento), colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión todas aquelas entidades financeiras e SGR acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio asinado para o efecto, nestas bases e nos seus anexos.

As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades suficientes, da declaración que se xunta como anexo IV a estas bases, que se deberá presentar a través do enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>. O Igape dará conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio e publicarao no *Diario Oficial de Galicia*.

3. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo V a estas bases.



**Artigo 21. *Datos de carácter persoal***

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-terceiros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape, que, no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poida ser necesario achegar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es).

**Artigo 22. *Remisión normativa***

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro), e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>LIÑAS DE APOIO AO ACCESO E ADECUACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS EXPLOTACIÓNS PRODUTORAS E TRANSFORMADORAS DE UVA E DE CASTAÑAS AFECTADAS POLAS XEADAS E SARABIADAS E AS EXPLOTACIÓNS PRODUTORAS DE PATACA, CEREAL, HORTA E FROITEIRAS AFECTADAS POLA SARABIA</b>		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IG525C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			
ACTIVIDADE							

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

<b>DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Notifíquese a: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Persoa solicitante</li> <li><input type="checkbox"/> Persoa representante</li> </ul>	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> , logo de identificación mediante certificado.	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN	

<b>SOLICITUDE PARA</b> (no caso de solicitar axuda para as dúas liñas deberá cubrir unha solicitude para cada unha)	
<input type="checkbox"/> IG241- Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións de uva, de castañas e de pataca, cereal, horta e froiteiras: liña 1- Refinanciamento de pasivos.	
<input type="checkbox"/> IG242 - Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións de uva, de castañas e de pataca, cereal, horta e froiteiras: liña 2 - Apoio ao circulante.	

<b>A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>					
<input type="checkbox"/> Que obtivo nos servizos web do Igape ( <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> ) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.					
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN				
<input type="checkbox"/> As copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.					
<input type="checkbox"/> (Só no caso de persoas xurídicas) Que a sociedade está legalmente constituída e representada, segundo os seguintes datos:					
<b>ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE</b>					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA ANTE O NOTARIO/A	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE
<b>PODER DE REPRESENTACIÓN</b>					
NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE		PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADO ANTE O NOTARIO/A	Nº PROTOCOLO




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA	PRESENTADO	COD.PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acreditación da representación con que se actúa.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.	<input type="checkbox"/>		

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
▪ DNI o NIE da persoa solicitante	o
▪ DNI da persoa representante	o
▪ NIF da entidade solicitante	o
▪ Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE) da entidade solicitante	o

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lpd@igape.es](mailto:lpd@igape.es).

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
 Resolución do 17 de novembro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e das explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, instrumentadas mediante convenio de colaboración subscrito coas entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data	



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

**NOTIFICACIÓN DE PERSOAS AUTORIZADAS PARA O ACCESO Á EXTRANET IGAPE-ENTIDADES COLABORADORAS POR PARTE DAS ENTIDADES FINANCEIRAS E SGR**
**Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia**

DATOS DA ENTIDADE:	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
NOTARIO QUE OTORGOU O PODER	DATA	Nº DE PROTOCOLO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA			
	PRESENTADO	COD.PROC.	ANO
* Copia do poder da persoa representante da entidade.	<input type="checkbox"/>		

**RELACIÓN DE PERSOAS CON CERTIFICADO DIXITAL AUTORIZADAS PARA ACCEDER Á EXTRANET IGAPE-ENTIDADES COLABORADORAS COMO REPRESENTANTES DA ENTIDADE:**



NOME E APELIDOS	DEREITOS DA PERSOA USUARIA (1)	NIF
	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	
	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	
	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	
	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	
	<input type="checkbox"/> Acceso e operación <input type="checkbox"/> Sinatura de documentos	

(1) O dereito de "Acceso e operación" implica a posibilidade de consultar e modificar os datos dos expedientes presentados ao abeiro do convenio, sen que estea facultado para presentar solicitudes telemáticas ao Igape en representación da entidade. O dereito de "Sinatura de documentos" inclúe todas as posibilidades do acceso anterior, e ademais a capacidade de presentar ante o Igape documentos (solicitudes, autorizacións, solicitudes de cobramento e outros que se definan para o convenio) asinados dixitalmente con plenos efectos legais.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [lopdp@igape.es](mailto:lopdp@igape.es)

Notifico ao Igape que as persoas aquí indicadas están autorizadas a acceder por conta desta entidade á extranet Igape-Entidades colaboradoras (<http://extranet.igape.es>), co nivel de acceso indicado, quedando canceladas as autorizacións anteriores.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data	de	de	

	
---	---

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO III**
**SOLICITUDE DE COBRAMENTO**

**Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
EXPEDIENTE NÚM.	
DATA RESOLUCIÓN	AXUDA FINANCEIRA CONCEDIDA €

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. Este IDEL é un código novo, e non será válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de axuda e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación establecida no artigo 13.5 das bases reguladoras, polo que solicita lle sexa aboada a axuda correspondente segundo o establecido na resolución de concesión da axuda.

Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data		de	de

 Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)	
--	---




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DE ADHESIÓN AO CONVENIO**

**Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia**



<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
TIPO	NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CP	PROVINCIA			CONCELLO	LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO						

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que coñece os termos e condicións do convenio de colaboración para o apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e que ten interese en participar no dito convenio.
- Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
Lugar e data			
	,	de	de

	
---	---

Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

CVE-DOG: r4ib9sn5-qpo0-qeg7-ajh1-lyxlwv9wyk45


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



## ANEXO V

**Relación de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas**

Liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabiadas, e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia

Caixas	Bancos	SGR
<ul style="list-style-type: none"><li>- Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Abanca Corporación Bancaria, S.A.</li><li>- CaixaBank, S.A.</li><li>- Banco de Sabadell, S.A.</li><li>- Bankinter, S.A.</li><li>- Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.</li><li>- Banco Pastor, S.A.U.</li><li>- Banco Popular, S.A.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (Afigal, SGR)</li><li>- Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, SGR)</li></ul>